

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



Charo Morán



ALIMENTA FUTURO. GUÍA DIDÁCTICA PARA ESO Y BACHILLERATO. Fundación Fomento Hispania: Garúa, 2023.

Guía didáctica con diversas actividades sobre alimentación saudable e sostible para traballar con alumnado. Clasifícanse en tres bloques: Dieta saudable/ O planeta no noso prato/Quen produce o que nos alimenta? Para cada unha das actividades anéxase unha ficha co desenvolvemento da mesma, os obxectivos, as materias relacionadas, as competencias xerais que se poden traballar e un material de apoio para usalo co alumnado (vídeos, webs, textos).

Descárgao en



bit.ly/45APzeA

GUÍA DE MANTENIMIENTO DE PATIOS ESCOLARES RENATURALIZADOS. Fundación Patrimonio Natural, Junta de Castilla y León, 2024.

Esta guía é un proxecto educativo para convidar a escolares e profesorado a desenvolver actividades fora das aulas, creando un uso dos espazos ao aire libre como escenarios de aprendizaxe. Móstranse as diferentes tarefas a levar a cabo ao longo dun ano, estruturadas nos diferentes espazos ou elementos que conforman o patio, así como a súa posible repartición entre os diferentes cursos do centro escolar.



David Tutor
de la Iglesia,
Claudia
Gutiérrez
Molina.

Descárgao en



bit.ly/4jsyFSZ



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



**Deputación
DA CORUÑA**



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA





GREENPEACE



GUÍA PARA APRENDER A LEER LAS ETIQUETAS. Greenpeace, 2024.

Greenpeace creou esta guía que nos pode axudar a interpretar as etiquetas da roupa, recoñecer os materiais máis sostibles e tomar decisións de compra máis conscientes e beneficiosas para o noso armario e, sobre todo, para o planeta. Reutilizar, reparar, intercambiar e tunear son algunhas das accións que podemos facer antes de mercar. Ensínanos a ler as etiquetas como un profesional, a identificar os tecidos máis ecolóxicos e tomar así as nosas decisións de compra.

Descárgao en


[bit.ly/43Dmxsg.](https://bit.ly/43Dmxsg)

MARES DE ESPERANZA. MaCoBios (Marine Coastal Ecosystems Biodiversity and Services), 2025.

Un proxecto financiado pola Unión Europea que busca sensibilizar aos máis novos sobre o cambio climático. O guión foi desenvolto por un grupo de científicos cunha narrativa que combina conciencia ecolóxica con posibles solucións aos retos ambientais. As personaxes, inspiradas en plantas mariñas, viaxan polo mundo enfrontando os efectos do cambio climático. Visitan diferentes hábitats, interactúan coas persoas locais e propoñen solucións aos problemas ambientais.



Ewan Trégarot,
Llorenç Garrit
(il.)

Descárgao en


bit.ly/4dJXKre




WetLands
4CLIMATE,
Fundación
Global Nature



HUMEDALES Y CAMBIO CLIMÁTICO.

Fundación Global Nature, 2025.

Diferentes cadernos agrupados por ciclos para impartir na clase e traballar co alumnado a conservación e importancia dos humidais. Ademais da relación que teñen estes ecosistemas acuáticos co cambio climático e, por tanto, cos gases de efecto invernadoiro. Con este proxecto preténdese demostrar que son un dos ecosistemas máis sensibles e ameazados da Unión Europea. Poden ser xestionados xerando múltiples alianzas e creando oportunidades de desenvolvemento socioeconómico no medio rural.

Descárgao en



[Caderno de actividades 1º e 2º de primaria](#)

[Caderno de actividades 3º e 4º de primaria](#)

[Caderno de actividades 5º e 6º de primaria](#)

[Cuaderno de actividades 4º da ESO
Bachiller e adultos](#)



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN




**Deputación
DA CORUÑA**



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



Klemens
Kalicki,
Karolina
Kijak(il.)



PRADERA. Rebel Studio, 2021.

Neste xogo de mesa os participantes convértense en espectadores da natureza. Equipados cun mapa, os xogadores explorarán unha zona pintoresca en busca de inspiración e capturarán impresionantes vistas. Gañará quen consiga máis puntos observando os diferentes tipos de animais, plantas e paisaxes, así como reunindo recordos durante a súa viaxe. A competición continúa na fogueira, onde o xogadores compiten por cumprir cos obxectivos das súas aventuras.

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

HISTORIA DO MOSTEIRO DE CAAVEIRO: UN LUGAR MILENARIO NO CORAZÓN DAS FRAGAS DO EUME.

Deputación Provincial da Coruña, D.L. 2024.

O libro iníciase e finaliza cun festexo centenario de gran tradición en Galicia, a romaría de San Juan Bautista, que dá nome ao mosteiro medieval e, introdúcenos na paisaxe do bosque galego para despois mergullarnos na historia do monumento. Os autores deste cómic ofrécennos unha metáfora: cada época arquitectónica é unha distinta estación do ano. Nas viñetas recoñécense as catro estacións dentro da frondosidade dun dos bosques atlánticos europeos de maior beleza: "As Fragas do río Eume".



Delio
Rodríguez,
Ismael
Blanco,
Lois
Gómez

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Brión](#), [Laracha](#), [Negreira](#), [Ordes](#)



Giselle
Clarkson

OBSERVOLOGÍA. Libros del Zorro Rojo, 2025.

Unha alegación a favor da contemplación silenciosa, achéganos ás criaturas que comparten o noso espazo vital e a outras formas de vida e elementos como os fungos cos que convivimos distraídamente. Accesible e ameno, ilustrado con tanto rigor científico como creatividade, pon baixo un microscopio imaxinario un centenar de especies animais e vexetais e ofrécenos os datos máis interesantes de cada unha.

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

AS MANS DA MIÑA AVOA. Kalandraka, 2025.

Unha historia tenra e chea de amor que nos traslada no espazo e no tempo a través da sempre curiosa ollada da infancia. Unha homenaxe ás avoas, as mellores mestras, que nos achegan sempre memoria e sabedoría. A avoa desta historia representa a sabedoría e a experiencia; unha vida forxada a base das carencias, do esforzo e do sacrificio propios dun pasado non tan lonxano fronte aos adiantos e ás comodidades actuais.

Inês
Cardoso,
Susana
Matos (il.)

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)Bibliotecas Públicas: [Ponteceso, Xinzo, Alfoz, Brión](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>